

BIBLIOGRAFÍA (IV)

F.A.V.

Segundo se ven facendo desde a aparición deste Boletín *Croa* e a instancias dos socios, continuamos neste número a mención (por orde cronolóxica -aproximada- de aparición) das citas bibliográficas, significativas e con datos de interese diverso, referidas ó conxunto ou a aspectos concretos do Castro e/ou Museo de Viladonga.

Habería que destacar que cada vez é más frecuente a súa aparición e mención nas más variadas publicacións, (áinda que aquí nos limitemos só ás de maior entidade e significación), o cal é debido, por un lado, ó maior e mellor coñecemento que a todos os niveis existe xa deste xacemento e do seu Museo monográfico, e por outro, a que as citas bibliográficas coñecen, en certo modo, o "efecto dominó", é dicir, vanse repetindo e transladando duns autores a outros engrosando, con extensión e criterio moi diferentes, aquel listado de referencias.

Como sempre, prescindimos aquí das simples mencións e noticias de pasada (ou reproducións fotográficas con pé ou sen el) do Castro de Viladonga e do seu Museo, pois neste caso sobrepasariamos con moito o espacio dispoñible e a mesma idea que inspirou esta sección de *Croa*.

- J.J.CEPEDA ADÁN: "Tesorillos monetarios en el Norte y Noroeste de la Península Ibérica entre la 2^a mitad del s.IV y la 1^a mitad del s.V d.C.", *Estudios de Geografía e Historia (25 años)*, (Univ. de Deusto), Bilbao 1988, p.211-226.

Baseándose en artigos de Chamoso Lamas sobre Viladonga e de Fariña Bustos sobre numismática baixoimperial en Galicia, inclúe o autor os sólidos áureos e un "possible" tesouriño de *folles* do s.IV aparecidos no Castro.

- *Museos españoles, Datos estadísticos*, (Min.de Cultura), Madrid 1995, p.297.

Simple inclusión de datos diversos sobre o Museo do Castro de Viladonga neste repertorio, referidos a 1993, polo que se dá como "cerrado", antes de rematar as obras de reforma e ampliación.

- T.AVELLANOSA/C.DE FRANCISCO: *Guía de los Museos Españoles*, (Espasa-Calpe), Madrid 1995, p.288.

Publicación tan útil como curiosa e dis-

cutible, xa que nun alarde de subxectivismo (sobre todo porque é moi improbable que as autoras coñecesen todos os Museos recollidos na Guía), permítense valorar o interese do edificio (grado mínimo para o noso caso) e as instalacións museísticas (sen ningunha valoración -;-). A sorpresa aumenta se se fai comparación entre varios museos con cadanxeu presunto interese.

- J.J.CEPEDA: "El Castro de Viladonga (Lugo). Los depósitos monetarios", *Numisma*, nº 236, año XLV, 1995, p.29-63.

Interesante estudio, pormenorizado e feito por un especialista (numismático-historiador), dos dous áureos (cuñados a nome de Arcadio e adxudicados agora ós anos 395-402), e de 6 depósitos ou tesouriños de pequenos bronces (*folles* e *nummi*) do século IV d.C. achados no Castro nas campañas dos anos setenta.

- A.CASAL MOURE, O. LÓPEZ VÁZQUEZ, M^aC. LORENZANA TEIJEIRO, A.de LORENZO ROMERO e O. NÚÑEZ CELA: *Visión histórica de Lugo e o seu contorno a través da Arte. 1^a Parte: Cultura Castrexo - Arte Romana*, (Citania de Publicacións), Lugo 1995, passim.

Útil e xeitosa publicación que recolle unha unidade didáctica para escolares, con referencias frecuentes ó Castro de Viladonga e ós seus materiais, anque chama atención que se encadren exclusivamente no apartado de Castrexo, ademais da discutible denominación de "Arte" para algúns elementos da cultura material galaico-romana.

- R.CASAL GARCÍA: "Anillos y gemas romanas en Galicia", *Arqueoloxía e Arte na Galicia prehistórica e romana*, (Monografías do Museo de S.Antón 7), A Coruña 1996, p.203-214.

Estudio descriptivo das xemas de anel aparecidas ata agora en Viladonga (3), destacando a identificación do engaste do anel de ouro cincelado, que é de prisma ou prasio verde (unha variedade de ágata) e non de esmeralda como no seu día apuntara Chamoso Lamas.

- F.FARIÑA BUSTO: "Os Museos de Sitio en Galicia", *Presente e Futuro dos Museos en Galicia*, (Fundación A.Brañas),

Santiago de Compostela 1996, p.63-97.

Artigo esclarecedor abondo sobre diferentes aspectos dos xacementos musealizados, dos museos monográficos de sitio e dos parques arqueolóxicos, aportando reflexións teóricas e varios exemplos, con mención expresa entre estes do conxunto de Viladonga.

- F.ARIAS VILAS: *Castro de Viladonga. 25 anos de traballos arqueolóxicos. O Museo monográfico*, (Xunta de Galicia), A Coruña 1996.

Folleto-guía de man da Exposición conmemorativa do mesmo título, aberta en Lugo en maio de 1996 e logo itinerante por outros lugares de Galicia, con referencias ó contido dos distintos apartados da mesma.

- F.ARIAS VILAS: "Escavación arqueolólica e limpeza no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)", *Arqueoloxía. Informes 3.Campaña 1989*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 1996, p.25-28.

Informe preliminar relativo á campaña realizada no Castro no dito ano, resumindo os resultados obtidos e os achados producidos, así coma os criterios de limpeza e consolidación utilizados.

- F.ARIAS VILAS: "O Castro de Viladonga e o seu Museo Arqueolóxico", *Xúbilo (Boletín do Clube de Xubilados Caixa Galicia)*, nº 9, Lugo 1996, p.39-40.

Artigo de divulgación que resume as características do xacemento, a historia das escavacións e do Museo, así coma o contido e as funcións deste último.

- F.ARIAS VILAS/M^aC.DURÁN FUENTES: *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo)*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 1996, 252 páxs. con ilxs. e un plano despregable.

Guía ampliada e actualizada que ven renovar e substituir a publicada en 1990 polo Ministerio de Cultura, recolléndose agora os coñecementos actuais sobre o Castro e o seu contorno xeográfico e contexto histórico, e explicando as novas instalacións do Museo, coa inclusión dos seus textos informativos (en cinco idiomas).

